



15 de febreiro de 2008

Curso 2007/08 nº 17

Correo: boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

Contido:

<i>Kitscaixa Valores</i>	2
<i>A nosa voz. Cen anos de himno</i>	2
<i>Selección e nomeamento da dirección dos centros</i>	2
<i>Premio Marco Polo 2008</i>	2
<i>Premios Nacionais de Bacharelato</i>	2
<i>X Olimpíada Matemática Galega 2º ESO</i>	2
<i>II Concurso Acaba con Piti</i>	2
Webs temáticas	3
Publicacións	3
Ligazón a lexislación educativa	3

Premios extraordinarios de Formación Profesional

No [DOG nº 31](#) do mércores 13 sae publicada a Orde do 6 de febreiro de 2008 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2006-2007. Poderanse conceder ata 22 premios extraordinarios, un por cada familia de formación profesional específica. Poderán optar aos premios o alumnado que teña rematados os estudos no ano 2007 e obtido unha cualificación final media de todos os módulos igual ou superior a 8,5. O prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Certame cooperativismo no ensino

No [DOG nº 29](#) do luns 11 de febreiro sae publicada a Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se fan públicas as bases do certame Cooperativismo no ensino, dirixido aos centros públicos educativos de Galicia e se procede á súa convocatoria. Dirixido a centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria. Modalidade de debuxo, pintura e/ou vídeo. Modalidade de actividades cooperativizadas.

Axudas para actividades de linguas estranxeiras

O Ministerio de Educación e Ciencia convoca axudas para participar en diferentes tipos de actividades para a mellora da competencia en linguas estranxeiras. As devanditas actividades terán lugar no verán de 2008. Podes consultar máis información na páxina do MEC. [Acceso](#)

Enlaces ao BOE para as distintas actividades:

[Inglés](#): 5º, 6º E.P.e 1º ESO.

[Francés](#): 1º,2º bacharelato e ciclos grao medio.

[Alemán ou francés](#): ciclos de grao superior.

Recordatorio de noticias

- Premios María Barbeito. [Acceso](#).

Auxiliares de conversación

Programa de auxiliares de conversación de linguas estranxeiras para educación secundaria. Convocatoria de 36 prazas de auxiliares de conversación de alemán, francés e inglés, para centros de ensino secundario.

[Acceso a máis información.](#)

A Coruña



Torre de Hércules



Concello Praza de María Pita



Rúa Juana de Vega



Fotos dispoñibles no portal de contidos educativos

KITSCAIXA Valores

A Fundación La Caixa achega aos centros educativos de Educación Primaria de Galicia un recurso educativo destinado a mellorar a convivencia escolar, á adquisición de des-

trezas que posibiliten unha mellor convivencia, e á potenciación dos valores dos cidadáns. Este recurso é un kit de traballo, que ten tres ámbitos de desenvolvemento: identi-

dade, convivencia e responsabilidade. Está a dispor do profesorado en cada centro de formación e recursos, e máis nas correspondentes seccións.

A nosa voz. Cen anos de himno

Na igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela pódese solicitar unha visita organizada á exposición “A nosa voz. Cen anos

de himno”. No portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria podes dispoñer da unidade didáctica “A necesidade dun

himno”.

[Acceso á unidade didáctica.](#)

Selección e nomeamento da dirección dos centros

No [DOG nº 31](#) do mércores 4 de febreiro sae publicada a Orde do 4 de febreiro de 2008 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e

nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Premio Marco Polo 2008

Convocatoria anual de Casa Asia do concurso para xóvenes “Premio Marco Polo 2008. É un certame literario no que se seleccionará o mellor ensaio sobre un país asiá-

tico previamente seleccionado. Dirixido a estudantes de 3º e 4º ESO dos centros públicos, concertados e privados do territorio español. O premio está dotado cunha viaxe

de 6 días ao país seleccionado no certame, para o estudante acompañado polo seu pai e nai.

[Acceso a máis información](#)

Premios Nacionais de Bacharelato

No [BOE nº 40](#) do venres 15 sae publicada a Orde ECI/359/2008, de 28 de xa-

neiro, pola que se convocan os Premios Nacionais de Ba-

charelato correspondentes ao curso 2006/2007.

X Olimpiada Matemática Galega de 2º ESO

Co fin de promover a ensinanza e a aprendizaxe das Matemáticas a través da Resolución de Problemas e do traballo en equipo, organizada por AGAPEMA e coa cola-

boración dos CEFORES, convócase a Olimpiada Matemática galega para o alumnado que cursa 2º da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia. Ata o día 10 de marzo

de 2008 está aberto o prazo para a inscrición

[Máis información.](#)

II Concurso Acaba con Piti


O “II Concurso Acaba con Piti” invita os nenos e xóvenes a elaborar mensaxes dirixidos a rematar co tabaco a través de diversos medios (debuxos, contos, fotos, víde-

os...). O prazo de presentación dos traballos vai desde o 1 de febreiro ata o 18 de abril de 2008. Tres categorías: infantís de 11 a 13 anos, xuvenís de 14 a 16 anos e de 17 a

20 anos. Os premiados en cada unha das categorías recibirán unha consola Wii.

[Acceso a máis información](#)

Webs temáticos



Publicacións

- [LOE](#)
- [O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)
- [Plan de Convivencia](#)
- [Saudíña](#)
- [Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)
- [Alumnado con discapacidade motora](#)
- [Alumnado con problemas de conduta](#)
- [Alumnado con discapacidade intelectual](#)
- [Alumnado con sobredotación intelectual](#)

Ligaazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)